

## CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A ASOCIACIÓN BIOGA - CLÚSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DAS CIENCIAS DA VIDA PARA A ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA DE EXCELENCIA DA BIOTECNOLOXIA EN GALICIA 2026-2030

Santiago de Compostela, a 4 de setembro de 2025

### REUNIDOS:

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nomeado para este cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril de 2024 (DOG núm. 73, do 14.04.2024), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada polas leis 11/1988 de 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007 do 27 de xullo, e polo Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio de 2022), e presidente da Axencia Galega de Innovación, en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, Don José Manuel López Vilariño, na súa condición de presidente da Asociación BIOGA – Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (en diante BIOGA) con NIF G70259312 e sede na Rúa Murcia, edificio CSIEB, Polígono A Sionlla 3, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en representación desta en uso das atribucións que lle confire o artigo 22 dos Estatutos desta entidade e en virtude da aceptación do cargo de presidente da data 09.06.2023.

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, a tal efecto,

## EXPOÑEN:

I. Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica creada polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, ao amparo da autorización prevista na disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de setembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

De acordo cos seus estatutos, a Axencia Galega de Innovación ten como finalidade o fomento e a vertebración das políticas de I+D+i no sector público galego, e o apoio ás entidades que integran o ecosistema de I+D+i galego para incrementar a súa competitividade, a través da implementación e execución de estratexias e programas de I+D+i eficientes.

Para a consecución dos seus obxectivos e, de acordo co artigo 10 dos seus estatutos, a Axencia poderá cooperar con outras entidades do sector público, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes do sector privado a través de convenios de colaboración.

II. Que BIOGA, constituída ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, é unha asociación sen ánimo de lucro de ámbito da comunidade autónoma de Galicia, dotada con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar de acordo coa lexislación vixente sobre asociacións.

Segundo o artigo 4 dos seus estatutos, BIOGA ten entre os seus fins:

- Aproveitar as oportunidades da innovación que presenta o sector das Ciencias da Vida como vector de crecemento económico e social.
- Colaborar coa administración autonómica galega, co resto das administracións autonómicas, coa administración xeral do estado e coa administración europea, para o desenvolvemento dun marco legal e institucional de fomento da innovación no sector.
- Apoiar o emprendemento e consolidación das empresas no sector das Ciencias da Vida.

- Apoiar a expansión internacional das empresas no sector das Ciencias da Vida.
- Configurarse como clúster empresarial na comunidade autónoma de Galicia
- Promover a análise e a prospectiva permanente do sector e as súas tendencias a nivel español e internacional, así como a divulgación dos avances científicos e tecnolóxicos das Ciencias da Vida e os beneficios que achega á sociedade.
- Organizar actividades formativas orientadas ao sector das Ciencias da Vida.
- Realizar proxectos e actuacións de Investigación e Desenvolvemento para o sector das Ciencias da Vida.
- Acadar financiamento e canalizar axudas para os asociados para o desenvolvemento de proxectos non ámbito das Ciencias da Vida.

BIOGA é a asociación empresarial máis representativa do sector biotecnolóxico en Galicia, aglutinando a maioría das organizacións integradas na cadea de valor do ecosistema biotecnolóxico. Na actualidade a asociación está integrada por máis de 130 entidades socias, tanto empresariais como institucionais.

O clúster traballa para mellorar o posicionamento competitivo do sector biotecnolóxico galego, buscando a mellora competitiva e a xeración de negocio mediante o impulso de accións e servizos directamente dirixidos ás empresas do sector.

III. Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación científica e a innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta lei, no seu capítulo III, establece que o Plan Galego de Investigación e Innovación é o instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia e confírelle no seu artigo 15.5 a consideración de plan estratéxico de subvencións, para os efectos do establecido no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

IV. Que o 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na comunidade autónoma para este período.

A RIS3 supuxo unha aposta sen precedentes polo sector da biotecnoloxía, polo seu papel destacado e esencial no desenvolvemento dos sectores estratéxicos para a comunidade, como o agromar-alimentario e a saúde.

No seu período 2021-2027, a RIS3 aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e da sociedade galega. Para darlles resposta, a estratexia orienta as capacidades e os esforzos de investigación e innovación en Galicia, por unha banda, cara a tres prioridades temáticas transversais, e pola outra, reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de cinco obxectivos estratéxicos, arredor dos cales articula os instrumentos e actuacións que se desenvolverán integrados nos correspondentes programas. Estes instrumentos poden dirixirse a prioridades e ámbitos de priorización concretos ou ser horizontais en relación cos retos e prioridades.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas.

O presente convenio enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo polo seu carácter transversal aos tres retos e ás tres prioridades. Así mesmo, contribúe ao obxectivo estratéxico 3, integrándose, polo tanto, no programa Completa e transfírese da RIS3 de Galicia e no programa Colaboración estratéxica do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

V. Que o Plan Galego de investigación e innovación 2025-2027 é o instrumento de planificación operativa da Xunta de Galicia para abordar durante o período 2025-2027 os retos e prioridades definidos na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, o marco instrumental que estrutura todas as accións de I+D+i da Administración autonómica.

O seu obxectivo é definir os instrumentos, medidas e actuacións de apoio á I+D+i que a Xunta de Galicia implantará no período 2025-2027 e detallar os fondos públicos que se destinarán a este fin.

A biotecnoloxía forma parte do plan como unha das apostas fundamentais da Xunta de Galicia para o novo período, constituíndo unha das catro iniciativas transversais estratéxicas, denominadas de alto impacto, que permitirán concentrar recursos e materializar apostas concretas nos ámbitos de maior oportunidade para Galicia, como é a Biotecnoloxía, tanto no eido científico como empresarial.

A aposta estratéxica pola biotecnoloxía permite acelerar a adopción de solucións avanzadas, promover a internacionalización das empresas galegas e contribuír de forma significativa á sustentabilidade e resiliencia dos sectores produtivos.

VI. Que en 2016 a Xunta de Galicia puxo en marcha a primeira estratexia para o impulso da biotecnoloxía en Galicia, a cal sentou as bases da actual Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía para o período 2021-2025. Este documento táctico asume a misión de situar a Galicia como polo de referencia en biotecnoloxía fixando as liñas de actuación ata o horizonte do ano 2025 cos seguintes obxectivos: incrementar nun 50% o número de empresas do sector biotecnolóxico de Galicia (máis de 63 empresas), aumentar nun 50% a facturación global do sector (máis de 220 millóns de euros), incrementar nun 25% o emprego do persoal cualificado en biotecnoloxía (máis de 500 persoas empregadas), ampliar nun 45% o gasto en I+D+i en biotecnoloxía (máis de 45 millóns de euros), incrementar nun 20% o número de investigadores (máis de 250 investigadores), aumentar nun 300% o capital do investimento privado (máis de 30 millóns de euros) e afianzar a hibridación sectorial mediante o desenvolvemento de 40 proxectos de I+D+i. A finalidade última é promover o uso e a aplicación da biotecnoloxía en todos os sectores económicos e fomentar un ecosistema colaborativo que favoreza o emprendemento, o crecemento e a atracción de empresas cara a Galicia.

VII. Que no ano 2024 realizouse un balance intermedio de seguimento da estratexia 2021-2025, que amosa o impacto da mesma nos distintos aspectos avaliados. Entre outras aspectos, compre citar os seguintes: No período 2021 – 2023, as empresas biotecnolóxicas galegas incrementaron o seu impacto na economía rexional, pasando dun 0,20% en 2021

ao 0,37% en 2023; nese mesmo período, foi a segunda rexión española máis destacada en bioemprendemento, con 24 novas empresas biotecnolóxicas; a intensidade do gasto en I+D+i en biotecnoloxía aumentou en máis dun 20% que en 2020 e constitúe o 17% do total do gasto en I+D de Galicia.

VIII. Que tendo en conta o antedito, a Xunta de Galicia considera de interese continuar co apoio específico prestado dende o ano 2016 ao sector biotecnolóxico de Galicia a través das sucesivas estratexias, definindo un novo plan para o período 2026-2030 que contribúa a acadar a excelencia do sector biotecnolóxico en Galicia.

IX. Que GAIN considera de interese público o aproveitamento dos coñecementos e experiencias de BIOGA, de xeito que a unión das sinerxías de ambas as dúas partes permita acadar o dito obxectivo. GAIN vén colaborando con BIOGA desde 2015 coa posta en marcha de convenios que permitiron o desenvolvemento de condicións favorables para o crecemento en Galicia do talento e do emprendemento ao redor da biotecnoloxía. BIOGA demostrou ser unha entidade coñecedora das oportunidades e puntos febles do ecosistema biotecnolóxico, e por tanto, é unha entidade chave para acadar os obxectivos da dita estratexia.

Con estes fins as partes acordan subscribir o presente convenio segundo as seguintes,

## **CLÁUSULAS:**

### **Primeira.- Obxecto do convenio.**

O presente convenio ten como obxecto determinar o marco de colaboración entre GAIN e BIOGA para a definición, realización e execución da Estratexia de Excelencia da Biotecnoloxía en Galicia 2026-2030, que impulse o papel do sector biotecnolóxico galego, formado por empresas, emprendedores, institutos de investigación biomédica, universidades, centros tecnolóxicos, organismos públicos de investigación, organismos intermedios e as administracións públicas. Deste xeito, búscase seguir potenciando o desenvolvemento da biotecnoloxía, como Tecnoloxía Facilitadora Esencial (TFE) e o apoio aos diversos sectores produtivos de Galicia.

## Segunda.- Obxectivo

O obxectivo que se pretende acadar coa subscrición do presente convenio é deseñar unha nova Estratexia, enfocada a acadar a excelencia do sector da Biotecnoloxía en Galicia para o período 2026-2030, que dea continuidade á xa existente, co fin de establecer para os próximos anos a visión do sector no futuro e o mapa de ruta que amosa dita visión.

A redacción, implementación e avaliación da Estratexia do sector biotecnolóxico de Galicia 2026-2030 requerirá dunha información apropiada que conleva unha metodoloxía adaptada ás necesidades, incluíndo neste proceso aos principais actores involucrados no sector. Tamén é fundamental un diagnóstico da información dispoñible e identificación de barreiras sectoriais. Levarase a cabo a acción de identificar e desenvolver as capacidades, coordinar a todos os axentes e difundir os resultados entre o tecido do sector. Tamén é importante neste sentido, a identificación de boas prácticas e a articulación das liñas estratexicas a nivel europeo.

A estratexia de Excelencia do sector da biotecnoloxía de Galicia 2026-2030 constitúe un paquete de accións e medidas a implementar que axudarán a que os programas de inversión se acheguen ao sector co fin de representar unha oportunidade para acadar o consenso nos principais grupos de interese do sector.

As actividades previstas a realizar durante 2025-2026 neste eido son as seguintes:

Elaboración do documento da Estratexia de Excelencia do sector biotecnolóxico en Galicia 2026-2030 integrando diferentes conceptos:

- Articulación e integración das actividades actuais e futuras do sector na Estratexia de Excelencia.
- Identificación de boas prácticas a nivel nacional e internacional que axuden a desenvolver o mapa de ruta da Estratexia.
- Identificación do aliñamento das accións da Estratexia coas liñas europeas de innovación e financiamento.

- Realización de reunións cos axentes clave do sector, facéndoos participes activos na elaboración da Estratexia, a través de reunións periódicas de forma individual ou conxunta cos axentes durante a fase de diálogo.
- Elaboración da folla de ruta en base aos datos de situación do sector dos últimos 3 anos e o diálogo cos axentes clave do sector.

As actuacións a desenvolver ao amparo do presente convenio detállanse no Anexo I, e estarán destinadas a definir a **"Estratexia de Excelencia en Biotecnoloxía de Galicia 2026-2030"**:

#### *A. MONITORIZACIÓN DOS DATOS*

Precísase monitorizar os datos sobre a situación actual do balance final da Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía en Galicia 2014-2026, para avaliar o desempeño do Sistema de I+D+i e dispoñer de información de soporte á toma de decisións sobre a estratexia a seguir e as medidas a adoptar para a definición da nova Estratexia.

Inclúense nesta actuación a seguinte acción:

##### A1. Actualizar o estado da situación actual.

Esta acción ten como obxectivo a actualización dos datos de Galicia (balance da Estratexia anterior), España, Europa e resto do mundo.

##### A2. Informe anual do sector 2025

Esta acción ten como obxectivo recopilar os datos do sector de forma anual.

##### A3. Actualizar mapa de actores do sector biotech galego

Esta acción ten como obxectivo detectar os novos actores do ecosistema biotech galego.

#### *B. ANALISE DE TENDENCIAS DO SECTOR BIOTECH E IDENTIFICACIÓN DE CAPACIDADES E BARREIRAS SECTORIAIS*

O proceso precisa da recopilación da información apropiada que conleva unha metodoloxía adaptada ás necesidades, involucrando neste proceso aos principais actores

involucrados no sector. Tamén é fundamental un diagnóstico da información dispoñible e identificación de barreiras sectoriais. Levarase a cabo a acción de identificar e desenvolver as capacidades, coordinar a todos os axentes e difundir os resultados entre o tecido do sector. Tamén é importante neste sentido, a identificación de boas prácticas e a articulación das liñas estratéxicas a nivel europeo.

Neste actuación inclúense as seguintes accións:

#### B1. Análise de tendencias do sector

Esta acción consiste no análise de tendencias aproveitando a información e colaboración do comité de expertos participantes na Estratexia de Consolidación 2021-2025.

B2. Realización de enquisas, entrevistas e mesas de traballo cos axentes do ecosistema biotech tanto rexional como nacional e internacional, para poder acadar a información necesaria para detectar as necesidades para a definición da nova estratexia.

#### B3. Realización dun análise DAFO e CAME

Esta acción consiste nun análise DAFO para coñecer as fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas do sector biotech, e a súa vez un análise CAME para definir as accións concretas que se levarán a cabo para alcanzar os obxectivos estratéxicos.

### *C. DEFINICIÓN E REDACCIÓN DO DOCUMENTO DA ESTRATEXIA DE EXCELENCIA EN GALICIA 2026-2030*

Será necesario a identificación de novas medidas e actuacións singulares do sector biotech galego, definirase un plan estratéxico a cinco anos para cumprir os obxectivos, indicadores definidos no documento final da estratexia.

Con este obxectivo inclúense as seguintes accións:

#### C1. Elaboración do presuposto integro da nova estratexia

Dende GAIN, será necesario a recopilación dos importes de cada unha das entidades da Administracións Públicas que participen na definición da nova estratexia, onde indiquen as accións e importes que se levaran a cabo para apoiar ao sector nestes catro anos.

## C2. Definición de indicadores

Esta acción inclúe a identificación dos distintos indicadores para poder facer un seguimento completo e mellorar de ser necesario o plan estratéxico.

### *D. PROMOCIÓN e DIFUSIÓN*

Galicia conta cun ecosistema biotecnolóxico completo -integrado por entidades que cobren a cadea de valor do laboratorio ao mercado-, sólido - formado por organizacións profesionais de ampla traxectoria e experiencia- e coordinado -integrado por axentes que habitualmente cooperan en distintas redes e proxectos. Trátase dunha vantaxe competitiva de cara á atracción de axentes do sector biotech e talento para a I+D+i que cómpre promover.

Por outra banda, aínda que a aposta das Admiminstracións Públicas polo sector biotecnolóxico é unha iniciativa de referencia, é necesario continuar a divulgar ás súas actividades e resultados para acadar os obxectivos xerais de conseguir a excelencia do sector.

Con este obxectivo, contémpanse neste epígrafe as seguintes accións:

D1. Organización e participación en xornadas de difusión sobre os resultados do balance final da Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía de Galicia 2021-2025 e a presentación da nova Estratexia de Excelencia da Biotecnoloxía en Galicia 2026-2030.

Con este propósito propónse a realización das seguintes actividades:

- Organización dun ou dous eventos de ámbito rexional, estatal para difundir os resultados do balance final e a presentación da nova Estratexia.
- Difusión a través dos medios de comunicación: redes sociais e notas de prensa.

Todas as actuacións obxecto deste convenio estarán aliñadas coa Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027, e o novo Plan de I+I 2025-2027.

### Terceira.-Actividades a realizar pola Axencia Galega de Innovación.

A participación da Axencia Galega de innovación consistirá nas seguintes actividades:

- Supervisión xeral da execución do convenio.
- Promoción, divulgación e dinamización das actividades, estudos e iniciativas que se desenvolvan ao abeiro do convenio.
- Participación activa nos procesos, tanto de identificación, como de seguimento e de avaliación, así coma nas distintas actividades que se desenvolvan e que impliquen a participación de profesionais, co apoio de BIOGA.

### Cuarta.- Actividades a desenvolver por BIOGA.

A participación de BIOGA circunscríbese á organización e xestión das actividades amparadas polo convenio, así como o posterior seguimento das actividades amparadas nel.

BIOGA comprométese a facilitar cantos datos resulten necesarios no marco da avaliación da RIS3 de Galicia ou doutros instrumentos relacionados coa medición da I+D+i, entre outros as enquisas do INE. Tendo en conta que a localización do proxecto ten que ser Galicia, os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia.

### Quinta.- Financiamento.

A Axencia Galega de Innovación compensará a BIOGA polos custos xerados con posterioridade á data de sinatura do presente convenio, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, e segundo as anualidades e importes máximos seguintes:

Aplicación orzamentaria	Código de proxecto	Anualidade	
		2025	2026
07.A2.561A.640.0	2019 00001	40.000€	30.000€

Total		70.000€	

Nos importes indicados, entenderase incluído o IVE.

A desagregación dos indicados custos recóllese no anexo II deste convenio.

Para que se abonen os devanditos importes, BIOGA presentará, nos termos e condicións recollidos a tal efecto no anexo I do presente convenio, en cada unha das anualidades previstas, facturas trimestrais, sendo necesario que a presentación da factura, e restante documentación que a acompañe, teña lugar dentro dos dez primeiros días do mes seguinte.

Con relación á facturación do último trimestre de 2025, a factura e a restante documentación deberá ser presentada, como máximo, o 10 de decembro.

Na anualidade 2026 poderán incluírse os gastos soportados e pagados dende o 11 de decembro da anualidade inmediatamente anterior.

O citado abono terá lugar tras a validación, por parte da Axencia Galega de Innovación, das facturas e demais documentación presentada.

#### **Sexta.- Incumprimento das obrigas e compromisos adquiridos polas partes.**

No caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos.

Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

### **Sétima.- Vixencia.**

O presente convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de maio de 2026.

### **Oitava.- Comisión de seguimento do convenio.**

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento, en todo caso de composición mixta. Esta comisión estará integrada por:

- 2 membros por parte da Axencia Galega de Innovación, que serán designados pola directora da Axencia Galega de Innovación. Un dos membros actuará en condición de presidente/a e outro dos membros actuará como secretario/a.
- 2 membros por parte de BIOGA.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. Ademais, será función da Comisión de Seguimento emitir informe sobre a proposta de redistribución dos fondos por anualidades e accións.

A Comisión reunirse cantas veces sexa solicitado por algún dos seus membros e, en todo caso, unha vez ao ano, previa convocatoria.

En canto á súa constitución, funcionamento e adopción de acordos, a citada Comisión rexerese pola normativa vixente en materia de órganos colexiados, contemplada sección terceira do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### **Novena.- Causas de resolución.**

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan, ou polo transcurso do tempo estipulado. Así mesmo poderá

resolverse por denuncia unilateral de calquera das partes, previa comunicación á outra con un (1) mes de antelación, cando concorra algunha das seguintes causas:

- a) Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- b) Acordo expreso de ambas as dúas partes.
- c) Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o seu obxecto.
- d) Imposibilidade material de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos co mesmo.

Así mesmo, son causas de resolución do convenio as enumeradas no número 2 do artigo 51 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

#### **Décima.-Desenvolvemento e modificación.**

O presente convenio poderá ser obxecto de desenvolvemento e modificación través das correspondentes addendas ao mesmo.

Ao abeiro do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### **Décimo primeira.- Propiedade intelectual e comunicación.**

A titularidade da documentación xerada no presente convenio de colaboración, así como todas as actuacións que resulten precisas levar a cabo na execución do mesmo (explotación, reprodución, distribución, comunicación pública, etc.) será da Axencia Galega de Innovación. Así mesmo poderá ser utilizada pola Xunta de Galicia a través de calquera outro departamento, sempre coa finalidade de actuacións similares ao obxecto do referido convenio.

Non se permitirá ningún outro uso ou explotación que non estea relacionada coas actividades levadas a cabo por este convenio.

A Axencia Galega de Innovación xestionará a comunicación pública e difusión das iniciativas desenvolvidas no marco deste convenio.

Así mesmo, todos os soportes de información ou difusión teñen que incluír, nun lugar visible, o logotipo de GAIN ou Xunta de Galicia.

#### **Décimo segunda.- Alteración das actuacións**

Aceptaranse modificacións nos custos individuais de cada unha das accións do convenio que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos superiores ao 20% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarían as dotacións dos outros conceptos.

A petición de BIOGA e, previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar variacións superiores ao 20% entre os importes asignados a cada un dos conceptos do orzamento do convenio (anexo II), sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do gasto total e leven consigo unha mellora nas actuacións e resultados do programa establecido.

Toda alteración nas accións a realizar, agás as sinaladas nos parágrafos anteriores, deberán ser obxecto de autorización pola Axencia Galega de Innovación e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, consonte o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Décimo terceira.- Inexistencia de relación laboral.**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, nin contractual nin de ningún outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio e a Xunta de Galicia.

#### **Décimo cuarta.- Deber de segredo e confidencialidade.**

As partes asinantes comprométense a non utilizar nin revelar, mantendo en segredo, todos os datos que puideran obter en virtude da execución do presente convenio e, en particular, toda a información relativa ás actuacións a desenvolver, facéndose extensiva

esta obriga a todas as entidades ou empresas públicas que interveñan en nome das partes.

As disposicións desta cláusula continuarán vixentes durante un período de cinco anos a partir da data de firma deste documento.

As partes cédense mutuamente a información, coa condición de facer un uso responsable de acordo ás finalidades das diferentes entidades asinantes, e por iso conveñen manter absoluta confidencialidade, tal e como o establecen os termos desta cláusula, sobre as discusións mantidas e a información intercambiada, xa sexa oralmente ou por calquera outro medio, en relación co obxecto deste convenio ("Información confidencial"). Esta obriga de confidencialidade non será executable entre as dúas partes cando as mesmas acorden algo en contrario por escrito, ou cando a revelación da devandita información ou conversación sexa requirida por Lei.

Cada parte que reciba "información confidencial" ("Parte receptora") da outra parte ("Parte reveladora") recoñece a súa natureza confidencial e a exclusiva propiedade da "Parte reveladora" sobre a "Información confidencial" recibida en calquera momento, e comprométese a manter a confidencialidade deste acordo baixo a presente Sección, así como a non levar a cabo, ou a deixar de levar a cabo, calquera acción contida na presente Sección.

Cada parte receptora acorda que a Información confidencial será utilizada exclusivamente para os obxectivos do presente convenio e manterán a dita información confidencial.

Cada parte receptora poderá revelar información confidencial na medida do necesario e en conexión co obxecto deste convenio, informando da natureza confidencial da información.

A petición da parte reveladora, a parte receptora devolverá ou destruirá de inmediato toda a información confidencial tanxible sen que a Parte receptora reteña ningunha copia, extractos ou calquera outra reprodución total ou parcial dese material tanxible.

No caso de que a parte receptora ou calquera outra persoa á que se dera Información confidencial recibira a petición de revelar calquera ou toda a información, baixo unha

citación, decreto, obriga civil ou proceso similar emitido por un tribunal competente ou órgano administrativo, a Parte receptora comprométese a (I) notificar inmediatamente á parte reveladora da existencia, termos e natureza da petición, (II) a consultar á parte reveladora a conveniencia de utilizar as accións legais dispoñibles para opoñerse ou limitar a dita petición e (III) se fose necesario, a revelar a información que, tras unha recomendación escrita dos conselleiros da parte receptora, fose legalmente necesaria ou conveniente baixo as circunstancias que se determinen nese momento.

As obrigas desta cláusula non supoñen ningunha restrición ás partes de cara a poder cumprir coas obrigas legais ou mandatos de calquera tribunal ou entidade governamental.

Cada parte deberá obter o consentimento da outra parte antes de calquera publicación, presentación, anuncio público, ou comunicado de prensa concernente á súa relación.

Non se inclúe no concepto de confidencialidade a información que fose de dominio público con anterioridade ao momento da celebración do presente convenio, ou que pase a selo con posterioridade ao mesmo, nin aquela que fora obxecto de autorización previa e expresa por escrito entre as partes.

#### **Décimo quinta.- Control**

A execución deste convenio queda suxeita á función interventora e de control financeiro exercidas pola Intervención xeral da Comunidade Autónoma nos termos establecidos no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, que aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG núm. 214 de 05 de novembro de 1999) e á súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, a execución do convenio estará suxeita ás actuacións de comprobación previstas na lexislación reguladora do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia.

#### **Décimo sexta.- Natureza xurídica e resolución de conflitos.**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese polo establecido nestas cláusulas, polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de



outubro de réxime xurídico do sector público e na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento administrativo común.

De acordo co artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se traspoñen ao Ordenamento Xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do *Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014*, o presente convenio está excluído do ámbito de aplicación da dita normativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoo á comisión de seguimento prevista no mesmo. En caso de persistir o desacordo, someterase á Xurisdición contencioso administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

#### **Décimo sétima.- Autorizacións**

BIOGA consente expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados ante a Axencia Galega de Innovación, situada na rúa Airas Nunes s/n, (Conxo) 15781 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese á publicación do convenio na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia así como á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento ao Diario Oficial de Galicia e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización á Axencia Galega de Innovación para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia. No caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta pola Axencia Galega de Innovación non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente

deberá ser posterior á data de consulta pola Axencia Galega de Innovación, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

O conselleiro de Educación,  
Ciencia, Universidades e  
Formación Profesional

Román Rodríguez González

O presidente da Asociación BIOGA-  
Clúster Tecnológico Empresarial  
das Ciencias da Vida

José Manuel López Vilariño

## ANEXO I:

### DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR PARTE DE BIOGA

BIOGA deberá presentar, para o pago das cantidades previstas na cláusula cuarta, relativas aos custos derivados da súa participación na elaboración da Estratexia de Excelencia da Biotecnoloxía en Galicia 2026-2030, a seguinte documentación:

- NIF da entidade.
- Certificado bancario de titularidade.
- Factura (ou facturas), por cada período, acompañadas dunha memoria na que se recolla unha descrición sobre o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, os distintos conceptos de gasto, e os diferentes importes.

A facturación realizarase por trimestres vencidos; será necesario que a presentación das correspondentes facturas, así como da restante documentación que debe acompañalas, teña lugar dentro dos dez primeiros días do mes seguinte.

Con relación á facturación do último trimestre de 2025, a factura e restante documentación deberá ser presentada, como máximo, o 10 de decembro.

Na anualidade 2026 poderán incluírse os gastos soportados e pagados dende o 11 de decembro da anualidade inmediatamente anterior.

As actividades a levar a cabo serán as seguintes:

#### A. Monitorización dos datos

Indicador	Descrición
Obxectivos	Obter unha visión actualizada da situación da biotecnoloxía en Galicia, España, Europa e o mundo, así como avaliar anualmente o estado do sector biotech galego así como o seu crecemento dende o último ano. Isto permitirá identificar novos actores e actualizar a base de datos do



Indicador	Descrición		
	ecosistema biotech galego, así como a evolución do mesmo.		
<b>Tarefas</b>	<p>A1. Actualizar o estado da situación actual. Recompilación de datos estatísticos, análise comparativa da evolución por territorios e biorrexións, elaboración dun informe de balance actualizado.</p> <p>A2. Informe anual do sector 2025. Recompilación de datos anuais, análise do sector por subsectores, elaboración dun documento de diagnóstico anual cos datos actualizados.</p> <p>A3. Actualizar mapa de actores do sector biotech galego. Revisión de rexistros existentes, contacto con novos axentes do sector, elaboración dun novo mapa sectorial actualizado.</p>		
<b>Impacto</b>	<p>Mellorar a comprensión do estado actual da biotecnoloxía en diferentes territorios e xerar unha base de datos actualizada.</p> <p>Fornecer unha visión clara do estado do sector biotech galego que sirva de apoio na toma de decisións estratéxicas.</p> <p>Mellorar a visibilidade e organización dos axentes do ecosistema biotech galego.</p>		
<b>Indicadores Cuantitativos</b>	<p>Análise comparativa dun mínimo de 3 biorrexións.</p> <p>Mapa actualizado publicado co rexistro actualizado dos axentes do ecosistema.</p>		
<b>Entregables</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise comparativa de biorrexións.</li> <li>• Informe anual presentado cos datos actualizados.</li> <li>• Mapa actualizado e rexistro actualizado de axentes.</li> </ul>		
<b>Orzamento</b>	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 60%;">Gastos de personal</td> <td style="width: 40%; text-align: right;">5.000€</td> </tr> </table>	Gastos de personal	5.000€
Gastos de personal	5.000€		



Indicador	Descrición	
	Servicios Externos	10.000€

*B. ANALISE DE TENDENCIAS DO SECTOR BIOTECH E IDENTIFICACIÓN DE CAPACIDADES E BARREIRAS SECTORIAIS*

Indicador	Descrición
<b>Obxectivos</b>	<p>Coñecer as principais tendencias e retos do sector biotech a nivel global e europeo.</p> <p>Recoller información cualitativa e cuantitativa sobre as necesidades do ecosistema biotech.</p> <p>Diagnosticar a situación interna e externa do sector biotech galego e definir accións estratéxicas.</p>
<b>Tarefas</b>	<p>B1. Análise de tendencias do sector: Reunións co comité de expertos, revisión de informes nacionais e internacionais, redacción dun documento de análise de tendencias.</p> <p>B2. Enquisas, entrevistas e mesas de traballo: Deseño de enquisas e entrevistas, organización de mesas de traballo con axentes clave, análise e sistematización da información recollida.</p> <p>B3. Análise DAFO e CAME: Realización de análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas, oportunidades), proposta de accións correctoras e estratéxicas mediante a metodoloxía CAME, integración dos resultados no deseño da nova estratexia.</p>



Indicador	Descrición	
<b>Impacto</b>	<p>Xerar visión sobre as tendencias a nivel global e europeo, guiando accións e decisións estratéxicas.</p> <p>Mellorar a comprensión das necesidades do ecosistema biotech e apoiar o desenvolvemento de políticas e estratexias.</p> <p>Mellorar o entendemento das fortalezas e debilidades do sector, e definir accións para mellorar a súa competitividade.</p>	
<b>Indicadores Cuantitativos</b>	<p>Implicación de todos os axentes do ecosistema no mapeo.</p> <p>Establécese un mínimo de 150 enquisas completadas, 20 entrevistas realizadas, sendo óptimo unha media de 300 enquisas completadas e 40 axentes entrevistados.</p> <p>Documento DAFO-CAME finalizado.</p>	
<b>Entregables</b>	<p>Documento de análise de tendencias.</p> <p>Informe das enquisas e entrevistas realizadas, resumo das mesas de traballo.</p> <p>Documento DAFO-CAME finalizado.</p>	
<b>Orzamento</b>	Servicios Externos	10.000€

*C. DEFINICIÓN E REDACCIÓN DO DOCUMENTO DA ESTRATEXIA DE EXCELENCIA EN GALICIA 2026-2030*

Indicador	Descrición
<b>Obxectivos</b>	Determinar os recursos económicos necesarios para executar a



<b>Indicador</b>	<b>Descrición</b>
	<p>nova estratexia e a súa distribución entre as entidades implicadas.</p> <p>Establecer métricas claras para o seguimento e avaliación da estratexia 2026-2030.</p>
<b>Tarefas</b>	<p>C1. Elaboración do presuposto íntegro da nova Estratexia: Solicitud e recopilación dos datos orzamentarios das administracións implicadas, consolidación dos importes e accións previstas, redacción do documento orzamentario da estratexia.</p> <p>C2. Definición de indicadores: Identificación de KPIs (indicadores clave de desempeño), validación cos axentes do sector, inclusión no documento estratéxico final.</p> <p>C3. Redacción do documento público da Estratexia. Elaboración do plan Estratéxico e do plan orzamentario para o sector nos próximos 4 anos a utilizar na súa difusión.</p>
<b>Impacto</b>	<p>Atraer financiación pública e privada cara o sector biotecnolóxico.</p> <p>Garantir que a nova estratexia dispoña dos recursos necesarios para a súa execución e definir medidas claras para o seguimento e avaliación do éxito da mesma.</p>
<b>Indicadores Cuantitativos</b>	<p>Orzamento. consolidado para accións no sector biotecnolóxico.</p> <p>30 indicadores definidos.</p>
<b>Entregables</b>	<p>Documentación orzamentaria consolidada.</p> <p>Dossier cos 30 indicadores definidos, documento de seguimento operativo.</p> <p>Documento completo e final da Estratexia.</p>



Indicador	Descrición	
Orzamento	Gastos de personal	10.000€
	Servicios Externos	10.000€

#### D. PROMOCIÓN e DIFUSIÓN

Indicador	Descrición	
Obxectivos	Promover os resultados da Estratexia de Consolidación 2021-2025 e presentar a nova Estratexia de Excelencia 2026-2030.	
Tarefas	Organización de dous eventos de difusión, coordinación de ponencias, relatorías e axenda, campañas de difusión en medios e redes sociais.	
Impacto	Aumentar a visibilidade da estratexia e involucrar aos axentes clave do sector.	
Indicadores Cuantitativos	2 eventos realizados, 60 asistentes, 30 impactos en medios e redes sociais.	
Entregables	Realización de eventos de difusión, informe de asistencia, informe de impactos en medios e redes sociais.	
Orzamento	Gastos de personal	14.000€
	Servicios Externos	11.000€



## ANEXO II

### ORZAMENTO DESAGREGADO ESTIMATIVAMENTE POR TIPO DE GASTO

Os custos recollidos no convenio desagreganse nos importes seguintes:

Tipoloxía actuación	2025	2026
A. MONITORIZACIÓN DOS DATOS	8.000 €	7.000 €
B. ANALISE DE TENDENCIAS DO SECTOR BIOTECH E IDENTIFICACIÓN DE CAPACIDADES E BARREIRAS SECTORIAIS	10.000 €	0 €
C. DEFINIÇÃO E REDACCIÓN DO DOCUMENTO DA ESTRATEXIA DE EXCELENCIA EN GALICIA 2026-2030	10.000 €	10.000 €
D. PROMOCIÓN e DIFUSIÓN	12.000 €	13.000 €
	40.000 €	30.000 €
<b>TOTAL CONVENIO</b>	<b>70.000,00 €</b>	

Detalle dos conceptos:

Tipoloxía actuación	Tipoloxía de gasto/ gastos subvencionables	2025	2026
A. MONITORIZACIÓN DOS DATOS	Gastos de persoal	3.000 €	2.000 €
	Subministración e servizos	5.000 €	5.000 €
B. ANALISE DE TENDENCIAS DO SECTOR BIOTECH E IDENTIFICACIÓN DE CAPACIDADES E BARREIRAS SECTORIAIS	Gastos de persoal	0 €	0 €
	Subministración e servizos	10.000 €	0 €
C. DEFINIÇÃO E REDACCIÓN DO DOCUMENTO DA ESTRATEXIA DE EXCELENCIA EN GALICIA 2026-2030	Gastos de persoal	5.000 €	5.000 €
	Subministración e servizos	5.000 €	5.000 €
D. PROMOCIÓN e DIFUSIÓN	Gastos de persoal	12.000 €	2.000 €
	Subministración e servizos	0 €	11.000 €
	TOTAL	40.000 €	30.000 €
<b>TOTAL CONVENIO</b>		<b>70.000 €</b>	